


terra e tempo


numero especial

VOCEIRO DA UNION DO POBO GALEGO

GALIZA



marzal
1972



un
mes
de

REPRESION

Edición de Paris

1.- INTRODUCCION ou LIMIAR

Ofracemos ao pobo galego un "dossier" da increible represión que se desencadeou sobre de grandes camadas populares de Galicia, como resposta do poder feixista ás reivindicacións académicas dos estudiantes da Universidade de Santiago e ás xustisimas reclamacións dos obreiros do Ferrol e outros lugares.

A gama dos feitos comprende asesinatos, feridos de bala, torturas físicas e morales, encarcelamentos antixuridicos multas increibles.

Non pretendemos máis que espoñer os feitos espídos, a verdade máis rigurosa do acontecido hasta o momento de fechar a edición, 12 de Abril de 1.972 Pero a represión continua e ha continuar, e a nómina dos persiguidos farase moito máis longa.

Unicamente petendemos sinalarlle a os nosos militantes, achegados, membros de outras forzas antifeixistas, a todo los demócratas e nacionalistas galegos, duas necesidades, que o pobo galego, ten prantexadas dende agora:

Príncipeira: A necesidade de crearnos un fortísimo bloco nacional-popular que encadre a toda las forzas políticas antifeixistas e antioligárquicas que poída darlle a batalla ó réxime asesino que nos aferrolla e que poída conseguir o trunfo final do pobo galego sobre dos seus enemigos: o feixismo e a oligarquía española.

Segunda: A necesidade que o pobo ten de pasar a formas máis avanzadas de loita, chegando paulatinamente á loita armada. Galicia necesita un destacamento armado que apoiie cada un dos movementos e loitas de masas. Os obreiros do Ferrol non tiñan máis que pedras nas maus. O enemigo ten pistolas, metralletas, e, si fora preciso, tanques, caños e aviós. Hai que crear un exército clandestino que devolva ollo por ollo e dente por dente a cada crime e a cada tortura. Si non se fai así, os obreiros, os traballadores os estudiantes, os nacionalistas e os democratas non avanzarán mais. A politicización, a concienciação popular está chegando ao máximo. E preciso agora que as masas se sintan protexidas e respaldadas nas súas loitas por un destacamento armado, dirixido politicamente polo Partido, e así continuar hasta a vitor.

Un Bloque Nacional-Popular e un destacamento armado: ei dos novos ouxetivos, necesarios na actual etapa da Revolución en Galiza, sin acadar os cales o traballo político de masas veriase paralizado.

No derradeiro número de TERRA E TEMPO, falábase xa dos acontecementos do Ferrol, pro pouco recollera a Redacción posto que xa estaba no prelo o número.

Tampouco ímos agora, nestas páxinas relatar de punta a punta todo acontecer por que consideramos é imposibel fecelo en tan pouco espasio.

Pro si podemos buscar nun intré determinado cal foi o motivo fundamental que déu orixen ás reivindicacíós que foron salvaxeamente reprimidas pola policía.

O Ministerio do Traballo amóia, nas súas orientacíós que os convenios colectivos podían ser "de factoría". No caso da Bazán esta posibilidade foille roubada aos traballadores querendo o Sindicato que o Convenio non fóse feito por separado, namentres xa tiñan éstes feito o amán pra que o Convenio fose unha resolución contando coas demás factorías que componen a BAZAN (Cartagene e San Ferando -Cádiz)

Os traballadores da Bazán, do Ferrol, nagáronse a firmar un Convenio inter-provincial, coas demás factorías. Esto deu lugar a asambleas dentro da fábrica.

O día 9 a empresa suspendía de emprego e soldo a dous vocales:

-MANOEL AMOR DEUS
XOSE MARIA PIODÓ MILLAN

E TA e tamén a catro enlaces sindicais:

-XOSE MANOEL DIAZ MONTERO
ALFONSO COUCE TESTA
RAMIRO ROMERO LOPEZ
MIGUEL REI NOVO

Os motivos eran, por participación en "reuniones no autorizadas y en paros ilegales", Un enlace negouse a firmar a carta, pro un gerda da empresa agredíuno por se negar. Ao se enterar o resto dos copañeiros desta coacción, foronse xuntando axiña diante da dirección.

As 15, 20h: a dirección combidaba aos traballadores a que abandoaran a factoría, ante a negativa destos entró a policía ás 17,15h. quen desaloxou e disolvéu aos alí reunidos (toda a plantilla).

Ante a "carga" da policía os obreiros escomenzaron a correr, tratando de escapar pro a sorpresa foi que ao sair por unha das portas atoparonse que tamén alí había policías que os agardaban, pra mollar néles.

Os traballadores que ian á cabeza pararon e, desconcertados ao ter policías por diante e por detrás non tiveron mais remedio que avanzar. Alí foi onde escomenzou a conta de feridos. Dada a estreitez da saída houbo persoas que quedaron estruxadas nos ferros das portas, outros tirados polo chan, namentres outros pisaban néles.

A ésto sigue o día 10. A data que é o cumio daquela loita

Todo o que presentamos ao longo destas follas, son consecuencia destes feitos.

2.-FERROL

Asesinatos:

DANIEL NIEBLA GARCIA, Por ferida de bala na cabeza,

Amador, xel montañez, por imautade báldame pechito.

feridos:

ALFONSO QUINTELA TENREIRO, gravisimo, por ferida de bala na cabeza.

XULIO ANEIROS FERNANDEZ, gravisimo, por ferida de bala na perna.

CLAUDIO FREIRE CARBALLO, grave por ferida de bala na perna dereita.

SANTIAGO ARROJO PEREZ, menos grave de ferida de bala na rexion mulumbar secreta.

CIPRIANO LOPEZ PITA menos grave de ferida de duas balas nunha mao.

ELADIO TOLOI, grave por feridas de bala no pescozo.

XOSE REI OTERO, idem.

XOSE A. LAMAS TEIXEIRO, idem.

MARCELINO PINOS RODRIGUEZ, ferida de bala no masilar

XOSE C. DIEZ RAMOS, ferida de bala na rexion renal.

ANTON FERNANDEZ MARTINEZ, ferida de bala na brazo.

Xose SUAREZ PITA, idem.

ANTON PEREZ FRAGA, idem.

XOSE M. PEREZ GONZALEZ, ferida de bala no muslo?

ABELARDO TEIXEIRO LAGO, ferida de bala na perna.

LEVES

PAULINO PEREIRA CALO

XOSE SERANTES CASTRO

MANUEL D SEOANE VAZQUEZ

ANXEL DO RIO VAZQUEZ

XOSE PINEIRO MENDEZ.

Hospitalizados

EDUARDO FEAL LAGO

XOAN LORENZO CASTRO

ARTURO NUNEZ PEREZ

Atopaseis hospitalizados por contusións recibidas o día 8:

GABRIEL DOBARRO

XULIO MONTERO

XOSE PITA

XAIME L. PEREZ

RAMON VIGO

Inda teríamos moitísimo máis qu nomes que engadir a esta relación pro dadas as circunstancias nas que se desenrolaron os fatais sucesos. Foron moitas as persoas que, feridas, recorriron a médicos particulares, quedando no anonimato o número, e os nomes dada o terror existente.

B) -Malos tratos

EDUARDO LODEIRO RAMOS (Estudante -Ferrol-à)

O día 17 de Marzo é detido por terceira vez polos inspeutores da BPS do Ferrol. Permanece na Comisaría durante 2 horas. Ovrigaselle a permanecer durante todo o día de pé e de posturas forzadas (taboas de xinnasia) e se lle golpea en moitas partes do corpo, pola policía do corpo especial da BPS de Madrid que se atopa no Ferrol.

Sistematicamente dáselle varias pallizas até que firma a declaración que a policía lle presenta. Ao ser levado ao Xuez de 1. Instancia e Instrucion nº 2 do Ferrol denuncia os Malos tratos aos que foi sometido, explicando que a declaración prestada na Comisaría lle foi dictada enteira pola policía E reconocido polo forense, Sr. Couce Doce quen certifica sinalas de golpes nunha mao e noutras partes do corpo.

VICENTE ALVARFZ ARECES (Estudante Cencias Exactas Santiago-)

Detido en Santiago o dia 10 de Marzo. Permanece 3 días na Comisaría, sendo golpeado polos inspeutores que lle interrogaban, dun seito arrepiante.

Denuncia posteriormente os malos tratos ao Xuez. Este decreta a prisión provisional, pasando a disposición do TOP (Tribunal de Orden Público), e xa na cadea comunicaselle unha multa de 150.000 ptas, posta polo Direutor XE-ral de Seguridade. Actualmente está na cadea, a disposición do TOP e cumpre o arresto sustitutorio por impago de multa.

RAMIRO TENREIRO PENA(Traballador da Construcción no Ferrol)

E detido o 17 de Marzo no Ferrol. Na Comisaría golpéano en todo o corpo durante seis horas seguidas até que caí : estanguido ao chan, onde se lle dan patadas no estómago polos inspeutores (un de Madrid e outro do Ferrol), que o interrogaban.

Baixando xa ao calabozo en estado inocente, coa faciana e cos ollos totalmente deformados. Esse mesma noite é reconocido na Comisaría polo Dr. Rei Romalde (Direutor da clínica "San Xavier" do Ferrol) ignoramos quén o requiriu (anque se supon que foi a mesma policía, alarmados ante o estado do detido)

Ao ser levado ao Xuez, denuncia os malos tratos e torturas ás que foi sometido. E reconocido polo forense do Xuzgado nº 2 Sr. Couce Doce, quen certifica lesións na faciana (masilar inferior "desencaixado" inchazón nos ollos e magulladuras no hombro esquerdo e na cadeira así como supuración nun ouvido.

E de destacar que a policía quixo vingarse con iste traballador que xa tiña sido torturado en Nadal do 1970, ao ser detido con ocasión da suspensión do art. 18 do Fuero dos Españoles, e presentara unha denuncia contra os policías que o torturaron, o que déu lugar a un xuicio de faltas, por lesións que se tramitou no Xuzgado Municipal do Ferrol.

FERNANDO MIRAMONTES VAZQUEZ (Traballador - Ferrol-)

O día 2 de Abril foi detido, Na Comisaría foi maltratado e torturado salvajemente durante os tres días que permanecéu nela. Foi apaleado, praticouselle a tortura chamada " o quirófano" (estarricado nunha mesa, petasselle arreo no estómago), e lle introduxeron boligrafos estriados entre os dedos das mans, que xiraban apretando os dedos uns contra os outros.

Ao pasar ao Xuez, foi reconocido polo forense Dr. Couce Doce Quen certificou as lesións que presentaba o detido. O Xuez ordeou a sua hospitalización inmediata e actualmente está internado no "Hospital Caridade" do Ferrol.

C; - Arbitrariades xurídicas

A parte doutras moitas, tmos interés en facer reslatar as siguientes "irregularidades xurídicas"

1.- Os malos tratos e as torturas

2.- A ilegalidade das detencíos por segunda e inda por terceira vez, dempois de ter decretada a súa libertade xudicial. Como se vera algúns délas (moitas) foron feitas no mesmo interior do Xuegado.. ou tamén na porta do edificio.

3.- A indebida aplicación da Lei de Orden Público nos casos da imposición de multa. Noticábase na Comisaría ou na cadea sin deixar tempo a pagala.

4.- Os atentados á independencia e a libertade profesional producidos con ocasión das detencíos do abogado RAFAEL BAREZ.

Inda que foron outra más as chamadas "arbitrariades" que, a nós como temos dito xa, en máis dunha publicación son consecuencia loxica das motivacíos feixistas e nonos colle de sorpresa, hai tamén que suliñar por fin, a "represión patronal", ao se solidarizar os distintos centros industriais coa masacre.

A todos aqueles produtores que se solidarizaron nos seguintes días a traves de folgas, paros, etc. lles foi notificado, a algus, o expediente de despido e a outros notificóuselle de inmediato o despido.

Compre que siñalemos a colaboración Xuez de Instrucción N° 1 coa policía pra cometer toda clás de atropellos e encadeamentos. Non foi así, como se tira da lectura, o Xuez do n°2, quen tamén, asegur, os detidos portouse ben.

RUFINO CORBATO COTO (Estudante Inxenieria Técnica Naval-Ferrol-)

Foi detido polos inspeutores da BPS e posto en libertade despois das 72 horas na Comisaría. En libertade sin pasr polo Xuez. O 22 de Febrero é detido por segunda vez interrogado na Comisaría durante 72 horas e dempois posto a disposición do Maxistrado Xuez Rº.2, do Ferrol, que degrata a libertade.

Outravolta o 29 de Febreiro foi detido por terceira vez. Interrogado na Comisaría durante tres días seguidos até que pasou ao Xuez do N° 1 do Ferrol que degrata seu ingreso na cadea e tamén a disposición do TOP. Compre suliñar que nas tres ocasíos de detención os interrogatotios eran sóbor da mesma cuestión.

Agora está na cadea a disposición do TOP, dende o primeiro de Marzo. Notificouselle auto de prodesamento por "asociación ilícita".

ANXEL CORTIZAS DOMENECH (Licenciado en filosofía e Letras -Ferrol-

Detido o 8 de Marzo é interrogado na Comisaría durante tres días e coacionado pola policía cos acontecementos que naqueles intres andabásen a desrollar no Ferrol.

Posto a disposición da autoridade xudicial, que degrata o seu ingreso na cadea, pasa a disposición do TOP. Na actualidade está na cadea onde se lle vai procesar por "asociación ilícita".

EDUARDO LODERO (Estudante - Ferrol)

Foi detido nos primeiros días de Febreiro e posto en libertade ás 72 horas sin pasar polo Xuez. Por segunda vez volta ser detido e interrogado durante 72 horas a meados de Febreiro, mallando nél.

Denuncia os malos tratos ao Xuez. Este decreta a súa libertade. Por terceira vez é detido o 17 de Marzo empregando no interrogatorio 72 horas a policia pra poder mallar nél máis que na denterior detención.

O Forense Sr. Couce Doce certifica algunas sinalas de golpes , de lesios en moitas partes do seu corpo. Outrovella Lodeiro denuncia ante o Xuez os malos tratos e declara que a declaración foille dictada na súa totalidade pola policia.

O Xuez ordea a súa prisón provisional, a disposición do TOP. O 4 de Abril certificaselle auto de procesamento por "asociacion ilícita" e decreta a libertade provisional coa fianza de mil pesos. Actualmente está en libertade

XOSE M. TORREGROSA RODRIGUEZ (Periodista. Ferrol)

Foi detido tres veces consecutivas en idénticas datas e circunstancias que denanterior(Lodeiro)Actualemente en igual situación que denanterior Foi ouxeto de coacions e malos tratos na Comisaría, sendo recoñecido polo Forense Sr. Couce Doce.

FRANCISCO RODRIGUEZ SANCHEZ (Profesor Agregado do Instituto Ourense)

Detiverono en Ourense o 20 de Marzo e trasladado á Comisaría do Ferrol, onde é interrogado tres días seguidos. Xa dempois o Xuez decreta a sua libertade.

Dentro do mesmo Xuzgado detefiño e volta a ser interrogado durante tres días a más na Comisaría onde lle notifican a imposición dunha multa de 150.000 ptas .Polo Director Xeral da Seguridade. Por impago da mesma ingresou na cadea o mesmo día, onde permanece actualmente.

Compre que digamos que levaba anos residindo en Albacete e un en Ourense onde é profesor do Instituto e polo tanto ningunha relación podia ténlos aconteceres do Ferrol agás os cargos que lle botou a policia que consistian, en que no ano 1965 déra unha conferencia no Ferrol sobre de Curros Enriquez e, asegur a policia aplaudíronlle moi- to os "comunistas".

LOIS COCAON TOURIMO (Profesor Agregado de Literatura de Salas (Oviedo)

Foi detido en Salas, trasladado ao Ferrol, e despóis de ser interrogado pola BPS foille imposta unha multa polo Director Xeral de Seguridade de 150.000 ptas Actualmente está en libertade por ter pagado. Foi detido o 20 de Marzo.

RAFAEL BAREZ VAZQUEZ (Abogado . Ferrol)

Detido o día 4 de Marzo. Teñeno 72 horas na Comisaría e logo poñeno e a disposición do Xuez nº 2, do Ferrol quen decreta a súa libertade. Polos mesmos cargos voltano a detener o 20 de Marzo. Xa na Comisaría mallan nél Denuncia ante o Xuez os malos tratos.

Asegura BAREZ que o tiveron de pé na Comisaría mais de 50 horas. O Xuez decreta a sua prisión provisional, a disposición do TOP. O dia 24 ingresa na cadea, onde se lle fai saber que ten unha multa de 200.000ptas

Polas irregularidades cometidas no rexistro ao seu despacho e ataques á profesion foi presentado un escrito denunciando o caso ao Decano do Colexio de Abogados da Cruña. Agora está na cadea por impago da multa.

XOSE A. VILLAR VERGARA (Traballador da Bazán)

Foi detido o 2 16 de Marzo. permanece tres días . Ao ser posto a disposición da autoridade xudicial ésta decreta a sua libertade. Volta ser detido pola policía, na mesma porta do Xuzgado, durante tres días mais ao cabo dos cales ingresa na cadea. Actualmente está en libertade por ter pagada a multa.

MANOEL GOMEZ VAZQUEZ (Traballador da Bazan)

Foi detido o 17 de Marzo. permanece na Comisaría tres días. O Xuez decreta prisón provisional a disposición do TOP, e xa na cadea deceselle que ten unha multa de 50.000 ptas. Actualmente está na cadea a disposición do TOP, por non ter pagada a multa.

ANXEL GEGUERREIRO CARREIRAS (Estudante Fisicas. Cruña)

Foi detido a 21 de Marzo, permanece tres días na Comisaría sendo ouxeto de malos tratos. O terceiro día sin pasar polo Xuez, notificanlle unha multa de 200.000 ptas e por non pagala mandano á cadea. Alí está agora.

IGNACIO FERNANDEZ TOXO (Traballador da Bazan)

Foi detido o 20 de Marzo i estivo na Comisaría tres días. Os Xuez, decreta a prisón provisional e a disposición do TOP. Xa na cadea, comunicanlle unha multa de 200.000 ptas. Actualmente está ,a cadea e a disposición do TOP, e cumprindo arreto sustitutorio por non térr pagada a multa.

XOAN M. CASTRO PAZ (Eregado da Banca- Cruña)

Detido o 14 de Marzo. Teñeno tres días na Comisaría. O Xuez, logo pono en libertade. E detido outra vez non mais sair pola porta do Xuzgado e ao dia seguinte comunicanlle a imposición dunha multa (na Comisaría) de 30.000 pesos. Por non pagar a multa cumple condea actualmente.

VICTORIA DIAZ CABANELA (Licenciada Filosofia (Cruña)

Igoal que o denterior (seu home) Ten unha multa de 150.000 ptas.Por non pagala está cumprindo na cadea.

XOSE M. DIAZ MONTERO (Traballador da Bazán)

Foi detido o 15 de Marzo permanecendo tres días na Comisaría. Despois de pôñelo en libertade o Xuez, colleno na porta, deteñeno outravolta imponéndolle unha multa de 50.000 ptas. Por non pagala cumple condea.

TEODORO GONZALEZ ALVARINO (Traballador da Bazán)

Detido o 16 de Marzo. Tres días na Comisaría O Xuez decreta a libertade pro repitese o caso: deteñeno na porta do Xuzgado e volta a estar tres días na Cimisaría até que notificanlle que ten unha multa de 50.000 ptas, sendo trasladado axiña a cadea por negarse a pagala.

XOSE M. IGLESIAS MARTINEZ (Traballador da Bazán)
Detido o 21 de Marzo, e despois de tres días na Comisaría é detido por segunda vez na porta do edificio despois de télo posto en libertade o Xuez. Na Comisaría dous días e multa de 100.000 ptas. Por impago , condeado a cumplir na cadea.

XOSE LOUREIRO LUGRIS (Traballador da Bazan)

Detido o 12 de Marzo durant tres días. O Xuez decfeta "Prisión provisional" a disposición do TOP e, xa na cadea dinlle que ten unha multa de 250.000 Cumple na cadea a disposición do TOP, por non pagala.

XOSE M. LOUREIRO FERNANDEZ (Traballador da Bazan)

E detido o 16 de Marzo. Tres días na Comisaría e o Xuez decreta a sua libertade, pro deteñeno na porta e lévanlo a Comisaría, outros tres días mais onde lle comunican multa de 50.000. Agora está na cadea por impago de multa.

XOSE M. RABINA VILLASANCHEZ (Traballador da Bazan)

Idem. cos denanteriores.

ALFONSO COUCE TESTA (Traballador da Bazán)

DETIDO O 15 de Marzo. O Xuez decreta a libertade. Voltano a detér na porta do Xuzgado e teñeno tres días máis na Comisaría até quén lle din que ten unha multa de 100 .000 ptas e ingresa na cadea por negarse a pagala.

XOSE MIRAMONTES VAZQUEZ (Escaiolista)

Detido o 17 de Marzo. Tres días na Comisaría. Decretase a súa libertade deteñeno na porta, outros tres días na Comisaría e multa de 50.000 ptas Está na cadea por non pagala.

ANTON ROMERO RAMOS (Traballador da Bazán)

DETIDO O 14 de Marzo, permanece tres días na Comisaría,decretan a libertade, cólleno na porta do Xuzgado. Outros tres días na Comisaría onde se lle comunica unha multa de 100.000 ptas Ingrasa na cadea por falla de pago.

XOSE CARIDE PINTOS (Traballador "Peninsula Madarera")

Detido o 24 de Marzo. Permanece tres días na Comisaría. Namantras o Xuez decreta a súa libertade a policía procede novamente a sua detención e notifícanlle unha multa de 50.000 ptas, ingresando na cadea por non pagala.

RICARDO ANEIROS SIXTO (Trabalaldor de Astano)

Detido o 13 de Marzo. Permaneés na Comisaría dous días. O Xuez procede a súa prisón provisional e a disposición do TOP. Na cadea comunícaselle unha multa de 100/000 pts.

FERMIN GOIRIZ DIAZ

Foi detido o 11 de Marzo. Tómanlle decración na Comisaría e poñeno en libertade o mesmo día, sin pasar polo Xuez. O día 15 nova detención. Comunicanlle multa de 50.000 ptas. Ingresou na cadea por non pagar a multa. Hai que facer notar que en ningún intre pasou polo Xuzgado.

XOAN A. MEDIN PEREIRO (Traballador da Bezán)
Idem; denanterior.

-9-

FRANCISCO VIDAL (Traballador da Bazan)

O 18 de Marzal é detido. Sin pasar polo Xuzgado e despóis de permanecer tres días na Comisaría é posto en libertade; Tampouco nunha segunda ocasión foi levado ante o Xuez, despóis de ser detido o 24 de Marzal, comunicanlle unha multa de 50.000 ptas . Esta na cadea actualmente.

MANOEL PILLADO MARTINEZ (Pescador)

Detido o 17 de Marzal permanece tres días na Comisaría. O Xuez ordea a súa prisón provisional, a disposición do TOP. Xa na Cadea comunicanlle unha multa de 100.000 ptas. Orden p' Público decreta a sua libertade provisional coa fianza de 15.000 ptas, seguindo na cadea por non pagala.

PILLADO LISTA (Ferrol)

Detido o 11 de Marzal, permanecea dous días na Cimisaria. O Xuez decreta a sua prisón provisional e a disposición do TOP. Xa na cadea se lle notifica unha multa de 50.000 ptasPosteriormente Orden Público decreta súa libertade con fianza de 15.000ptas ,seguindo na cadea por non pagala.

RAFAEL PILLADO LISTA (Traballador da Bazan)

Detido o 14 de Marzal. Tres días na Comisaría. O Xuez decreta prisón provisional e disposición do TOP. Xa na cadea dinlle que ten de pagar unha multa de 250,000 ptas Actualmente en prisón por impago de multa e a disposición do TOP.

RICARDO MENEDEZ GONZALES

Detido o 17 de Marzal.. Tres días na Comisaría. O Xuez decreta a súa libertade e vólatano a detér á saída do Xuzgado, dende aquela permanece na Comisaría até que lle comunican unha multa de 50.000 ptas e ingressa na cadea por non pagala.

ARXEMIRO LOPEZ RAMOS

Detido o 16 de Marzl. Está tres días na Comisaría.O Xuez decreta a súa libertade, sendo novamente detido na porta do Xuzgado .. permanece outros - dous días na Comisaría até que lle dín a cuantía dunha multa de 50.000 ptas. Está na cadea por non pagala.

Xaime I. Gonzalez s SEDANE

Detido o 10 de Marzal presta declaración na Comisaría e poñenp en libertade sin ir polo Xuzgado. O dia 15 nova detención e, na Comisaría, o comunicanlle unha multa de 50.000ptas Esta na cadea cumprindo por non pagala.

XESUS DIAZ DIAZ (Traballador da Z ASTANO)

O 20 de Marzal deteñeno e permanece na cadea tres días onde lle comunican a imposición dunha multa de 150.000 ptas. Está na cadea por non pagala.

MANOEL RODRIGUEZ PEREZ (Abogado Santiago)

Detido o 2 de Marzo, ao día siguiente é posto a disposición da autoridade judicial quen decreta a súa libertade. Na mesma porta do edificio, é detido e conducido novamente onde lle comunican, o dia 4 unha multa de 250.000 Ptas e ingresa na cadea por non pagala.

XESUS DIAZ DIAZ (Traballador de Astano)

O 20 de Marzo te deteñeno e permaneces na cadea tres días onde lle d comunican a imposición dunha multa de 150.000 ptas. Está na cadea por non pagala

ALFONSO TELLEDO SANDE (Bazan)

Detido o 18 do mesmo mes. Despois de tres días na Comisaría, o Xuez póno en libertade, pro ao sair do Xuzgado vez vése encarcelado outra vez durante tres días e logo comunicanlle que ten que pagar unha multa de 50.000 pts. Por impago cumple condea.

MOISE M. GONZALEZ LORENZO

O 10 do mesmo mes despóis de declarar na Comisaría poñeno en libertade, sin ir pra nada ao Xuzgado. O día 15 volta ser detido durante tres días con unha multa de 50.000 ptas que por non pagar, cumple condea.

XOAN MARI SOLERA (Delegado da Escola de Nautica da Cruña)

O 27 de Frebeiro deteñeno e pas tres días na Comisaría onde lle comunican unha multa de 150.000 ptas Por non pagala cumple condea. En ningun intre foi declarar xunta o Xuez.

ANXEL FERREIRA CURRAS (Crego - Ferrol -

O 22 de Marzo detivérono . Despois dos tres días na Comisaría o Xuez délle a libertade pro inda non pisára a rua é detido novamente durante tres días mais. Poñenlle unha multa de 100.000 ptas e, non pagala., mándano á cadea.

RAMIRO TENREIRO PENA (Traballador da Construcion)

O 17 do mesmo mes detiverono. Tres días na Comisaría onde mallan nel canto poden Ao Iigoal que o dianterior o Xuez póno en libertade pro, ao saír a rua, deteñeno pasando outros tres días na Comisaría onde lle comunican que ten unha multa de 50.000Ptqs; Ingresa logo na cadea por non pagala

ANTON MARTINEZ ANEIROS 5 (Crego -Ferrol -)

Foi detido o 21 de Marzo. Tres días na Comisaría e, ao igoal que o seu compañoiro, poñenlle en libertade, volatono a collar e poñenlle unha multa de 250.000ptas. Por non pagala teñano recluido no Monasterio de Sobrado dos Monxes.

CESTINO LLANO CASTROFE (Astano)

Deteñeno o 19 . Tres días na Comisaría. O Xuez póno en libertade e voltano a detér novamente. Comunicanlle unha multa de 50.000 ptas, que paga ficando ceibe.

EUSEBIO LLANO CASTROFE (Astano)

DEténeno o 19 . Pasa tres días na Comisaria e ppñenlle unha multa de 50.000 pts. Pagada multa e poñeno en libertade.

MANOEL VARELA G FRAGA (Bazán)

Idem. o denanterior.

MANOEL MORTE REI (Bazán)

Idem. que o denanterior.

BENIGNO LOPEZ DIAZ (Ex-crego- Traballa)

O 22 de Marzo deténeno. Tres días na Comisaria; O Xuez decreta a súa libertade. Deténeno outra vez, poñendolle unha multa de 50.000 pts. Pasa á cadea por non ter pagada a multa. Xa na cadea abona o importe e queda ceibe.

XOSE M. DELANTERO (Traballador "Escisa. Construcion ")

Deteñeno o 15 . Multa de 50.000 pts e ingresa na cadea por non pagala. Xa na cadea pággaa e queda ceibe.

Castro _____ (Bazan)

Iden que o denanterior.

MANOELA VALCARCEL(Vendedora- Ferrol)

Detida o 0 dia 24 de Marzo permanece tres días na Comisaria. O Xuez decreta a sua libertade e vótana a detér. Comunicanlle unha multa de 30.000 pesos e ingresa na cadea por non pagala.

PEDRO LOPEZ BONOME (Bazan)

Detivérono o 14 de Marzo. Teñeno dous días na Comisaria. O Xuez decreta a sua prisón e a disposición do TOP - Cumple condea por non pagar a multa de 50.000 pts.

MANOEL AREA GRAGA

DE Detido o 12 de Marzo. Permanece un día na Comisaria pra ser levado logo xunto o Xuez quen decreta prisón provisional e a disposición do TOP. O día 14 xa está na cadea e, alí élle comunicada a sua prisón por Orden Público.

XULIO ANEIROS FERNANDEZ (Bazan)

Resultou feito de moita grevedade pola policia o día 10 de Marzo. Ingresou na Residencia do Seguro de Enfermedade, da Cruña onde catualmente permanece detido a disposición xudicial.

M. LUISA MELON (Estudante de Económicas en Santiago)

Detida en Santiago foi trasladada ao Ferrol onde foi interrogada pola BPS. Foi a disposición do TOP. Coidamos foi detida o 26 de Marzo. Foi maltratada na Comisaria.

M. LUISA MELON ALABAU ALBORTS E XULIO A. PEREZ DE LA FUENTE I RIBA

Matrimonio. Estudantes de físicas. Adicábanse ao ensino no Ferrol. Detidos o 6 de Abril en Valencia. Trasladados ao Ferrol e despóis de ser interrogados pola BPS foron levados a cadea da Cruña, onde están á disposición do TOP. Foilles imposta tamén multa polo Direuto Xeral de Seguridade de 50.000

3. VIGO

a.- Solidariedade popular

Despois do día de Marzo data na que foron asesinados os dous obreros estendeuse por toda a xeografía galega a solidariedade, a traveso de manifestacións masivas, unhas veces, octavillas, pintadas e comandos, outras.

Pro imos suliñan coas informacíos que temos de Vigo cales foron os feitos solidairos.

Prado dia 14 fora convocada unha manifestación na Porta do Sol, a cal acudeu o pobo vigués un numero, que douceira dous milleiros. Isto importante, posto que esta cifra supонse é a cultura que se atopen dado deica hoxe.

Aos berros de "asesinos" "estamos co Ferrol" etc. Foi concentrándose no meio da plaza unha morea da policías traídos especialmente desde Valladolid cuia cifra nun número de 200.

Nunha carga continua que durou horas, tiveron tempo os "grises" pra mollar en vellos mulleres con rapaces no colo....

Asegún as informacíos que nos chegan foron detidos unhas 17 persoas, das cales solo tivemos posibilidade de saber dos seguintes.

FERNANDO HIERRO CHAMON

Foi detido nuha manifestación posterior frente a Casa Sindical. Por non pagar unha multa de 50.000 ptas, esta cumprindo cadea.

ABELARDO COLLAZO ARAUXO
ANXEL COLLAZO ARAUXO

Foron detidos, tamén no mesmo lugar que o denanterior e por non pagar as multas de 50.000 ptas cada un, estan cumprindo cadea.

Estos tres ingresaron o dia 17 na cadea, de Vigo.

XOSE L. GONZALEZ ZAZO
Entrou a cumplir cadea, por non pagar unha multa de 15.000 ptas.

Manoel X. PEREZ SIERRA(Empregado Telefonica)

Foi multado con 15.000 ptas Os compañeiros de traballo, pagaronlle a multa.

XOSE M. MARQUEZ RODRIGUEZ (Empregado de 'Empresas Industrias Gallegas')

Foi detido e sancionado con 5.000 ptas

LOIS ESPINO PEREZ

Posteriormente a manifestación foi detido por intervir nun comando,

sendo sancionando tamén cunha multa de 5.000 ptas , que pagou.

Compre que suliñemos un feito que dende hai moitísimos anos non se tiña dado.

Todo o persoal de "FACTORÍAS VULCANO" (obreiros i empregados) foronlle pechadas as portas da factoría o lús día 13.' Ese mesmo día .
formaronse na mesma porta, piquetes que recorren todos os tilleiros da cidade solicitando solidaridade.

Nesta situación permaneceron até o dia 16: coas portas pechadas e editando
esos días a loita

Rexistronse paros en:

-Citroen
BARREBAS
VULCANO
CENSA
FREIRE
REFREI
REIMAN
SANTO DOMINGO
TARZA
VANOSA
MANUEL ALVAREZ, Etc.

Na península do Morrazo alcendéuse o facho o día 13 ante esas pintadas que a UPG espallou por toda a xeografía.

"MASSO"(fábrica de conservas) parou durante unha hora feito que indica cal é o nivel político, que hoxe pode ser decisivo cara aicios posteriores. Esta fábrica ebexamais tiña parado por razóns puramente políticas, até o dia 14 de Marzo.

ASTILLEROS E CONSTRUCCIONES tamén se solidarizou.

Os alumnos das Escolas de MAESTRIA, de INXINIEROS TÉCNICOS, os dous INSTITUTOS e outras escolas, deron mostras da súa repulsa ao sistema manifestándose varias veces polas rues da cidade viguesa.

a. Nas eirixas certos cregos denunciaron ós crímines aseñados , nas homilias

A UPG nesta cidade fixo pintadas ei espallou octavillas manifestando a sua repulsa polos asesinatos dos obreiros.

b.- Represalias patronás

Despois de todas estas manifestacións populares, que abrangueron a todos os sectores da poboación, agárdabase xa ás represalias dos empresarios tales como a do neo-capitalista ALEXANDRO BARRERAS, home que manexa CENSA, ASTILLEROS E CONTRUCIONES, así como tamén AICASA,

Este señor nun primeiro intento ante os avisos do Gobernador de non acender naqueles intres moi más a loita decidiu votar a 325 obreiros a rúa Non tivo outro remedio que recollelos pro inde tivo folgos pra despedir a 75, quenes loitaron contra do Sr. Barreras, até conquerir voltar ao traballo.

En ASTILLEROS E CONSTRUCCIONES, o Alejandro Barreras, resolvéu a cuestión moi doadamente: sancionando a todo o persoal non pagandolle o 30% dunhos beneficios que lle tiña estipulado o "empresario europeista" á xente Amén doutras sancións máis.

c.- Malos tratos na Comisaría

XOSE L. RODRIGUEZ FEIXOO (Estudante de COU, no Instituto do Calvario)

Foi detido na manifestación da Plaza da Porta do Sol e golpeado polas bestas da Policia Armada no "Jeep", e logo, indo na Comisaría. Despois de 24 horas ali, tivo que ser ingresado no Hospital Municipal coa faciana desfigurada e todo o corpo amourotodo. No Hospital estivo esposado, na cama. A prensa mantivo un silencio que se traduce nun "entendemento" coas autoridades. Seus compañeiros denunciaron o asunto ao Xuez, pro todo ao foi ao d cesto das papeis.

Aquí denciamos tamén a MARIA LUISA BARREIRO (profesora e secretaria do Instituto do Calvario) que chamou a policia cando un comando de estudiantes se manifestaba diante do Centro berrando o nome do seu compaño detido -Feixoo-

4.- OUTROS LUGARES

A

a.- A CRUÑA

Despois da morte dos dous obrerios do Ferrol, houbo una manifestación na Plaza de Pontevedra, na cal se berraba: "Dous mortos no Ferrol", etc..

Na cidade Escolar algúns días houbo comandos a manifestacions.

b.-Lugo. Provocacion falanxista

Tamén Lugo asumeu a responsabilidade política nequeles intres na cal interviñeron os alumnos da Normal e dos Institutos.

A UPG saíu a rúa esplícàndolle a poboación a necesidade de se solidarizar cos obreiros do Ferrol. Unha vez que a poboación léra tal manifesto, os falanxistas FEDERICO BOUZA, tederatido, e o seu "camarada" BLAS DE ESCOLANTE, manifestáronse polas rúas de Lugo, coa súa camisa azul, o día 17 de Marzo. Esto foi pola tarde, pois o mesmo dia, pola mañá... Houbo unha manifestación dos alumnos dos distintos centros nun número de 200 persoas ,condeando ao reximen feixista

c.-Monforte: Un detido, de REGADIO;

Tamén aquí en Monforte UPG fixo un chamamento a poboación, en tal senso. Foi detido un obriro do GEREGADIO

Todas estas aicións desencadearonse por toda a xeografía galega. A UPG, fixo chamasatos en todas aquelas vilas que lle foi posibél. Ribadeo, Viveiro:

d.- Ourense

A UPG tamén nesta cuxida espallou octavillas e tratouse de que non pasaren desapercebidos os crimes do Ferrol, con pintadas.

Foi detido o profesor agregado do Instituto masculino FRANCISCO RODRIGUEZ SANCHEZ que actualmente atopase na cadea por impago dunha multa de 150.000

5.- SANTIAGO

Ao sacar este informe sobre a represión en Galicia, non nos poderíamos esquivar da loita que os universitarios galegos viñan sostendo polas súas reivindicacións, algúns meses atrás...

Houbo tiros e detencións, algún día en Santiago. Asambleas de Facultade e manifestacións na rua coa intervención da Policía.

No desenrollo daquela loita houbo unha man chea de sancions académicas e gubernativas, das cales damos nota pra seguir esquematizando a loita, que é o intento deste informe.

a.- Sancions académicas:

Facultade Meicíña XOSE M. RODRIGUEZ

Facultade Económicas:

MARISA MELÓN
XOSE R. MARTÍNEZ
CARLOS LAGO PINEIRO

Facultade Filosofía

GONZALO BOUZA
LITO FRAGA
M. LUISA RUBINOS
M. XOSE SOUTO
ESPERANZA NAVA XIL
BERNALDO MAIZ VAZQUEZ

b.- Sancions gubernativas:

Facultade Meicina XULIO CABAL 50.000 ptas
XULIO BEIRAS 25.000 "
ALFONSO VANRYGMEDEN 50.000 "
XESUS RODINO 25.000 "

Facultades Económicas

Abel Caballero 50.000 "
ANXEL VINA 50.000 "
MARISA MELÓN 25.000 "
CARLOS LAGO PINEIRO 25.000 "
FEDERICO ORDAX 25.000
XOSE RAMON MARTINEZ 25.000

Facultade de Filosofía

LITO FRAGA 50.000
GONZALO BOUZA 50.000
FERNANDO MAIZ 25.000
FRANCISCO XAVIER SIXAS 25.000
FERNADEZ 25.000

Santiago tamén manifestou a sua repulsa polos acontecementos do Ferrol. O dia 10 entre uns 150 e 200 estudantes xunguidos polos brazos uns coñ. outros manifestaronse polas ruas centricas da cidade, manifestando a sua xenreira polo sucedido no Ferrol e dando berros antifixistas e apedrando escaparates, ffástras e portas de establecimentos públicos e centros oficiais (Casa Sindical, Delegación de Información e Turismo, Caixa de Aforros, etc.)

NOTA DERRADEIRA

Foron detidos

AMOR DEUS (Ingrsous na prisón de a Cruña)

Xosefa VARELA FONTAN (Libertada e pendente de TOP)

POEMA DE URGENCIA PRA DOUS ASESINATOS

Cando a primaveira era promesa
i a espranza se abria cara a luz,
i o pobo pedía o que era seu
o pan i a libertade
que os tiranos lle rouban,
casu Amador Rei, home sinxelo
e loitador, carballo de Galicia
que deixou catro renovos, catro
ponlas con follas ben sonoras
es que o vento arrancara novas
canções de amor e libertade.

Caeron Amador Rei e Daniel Niebla
baixo o odio das balas asesiñas,
baixo o furor das metralletas
cargadas de sinrazón e deinxusticia,
armadas polos espratadores
disparadas polos cás da tirania
e manexadas polos gardas do nazismo!

O Ssangue dos obreiros da Galicia, unha vez mais,
unha vez mais, bordou unha bandeira
roxa e popular no cemento das ruas
do heroico Ferrol de Pablo Iglesias

Chegará a xusticia. Está a chegar
a xusticia i a redención pra galicia,
o tempo de xuzgar ós asesiños,
ó s que disparan ó pobo desarmado,
de pedir contas
ó s que ametrallan ó pobo sin defensa.

-17-

Está a chegar o día de vengar
o asesinato de Amador Rei de Daniel
niebla e no que o pobo sexa
o único señor do seu destino.

Hai que luitar, irmáns e compañoiros,
pra traer a luz, a libertá,
la primaveira.

xohan Esteiro Lopez

DIFUNDAMOS ESTE DOSSIER

PASEMOLO DE MAU EN MAO

DEIXEMOLO AOS NOSOS COMPANOIROS

E

CONOCIDOS.